



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **INSTRUMENTACIÓN I**

curso 2020/2021

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

INSTRUMENTACIÓN I

ESPECIALIDADES:	Composición				ITINERARIOS:	Todos						
CARÁCTER:	Obrigatoria				TIPO DE CLASE:	Colectiva						
DEPARTAMENTO:	Composición				XEFE DE DPTO.:	Paz Pita						
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Paz Pita						
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1		
ECTS/CUAD.	3								Observacións:	-		
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL				TITORÍA			
	Paz Pita				mpazpita@edu.xunta.gal				Venres 12:00			
	Manuel Varela				varelasanjurjo@edu.xunta.es				Luns 18:00 (1º cuadrimestre) e Venres 12:00 (2º cuadrimestre)			
	Mario Seoane				marioseoane@edu.xunta.es				Venres 9:00			

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS

DESCRITOR: Estudo e análise de obras e linguaxes compositivas diversas. Coñecemento de diferentes técnicas compositivas e sistemas de notación. Coñecemento das diferentes características e posibilidades técnicas e expresivas dos instrumentos e das resultantes derivadas da súa combinación. Coñecemento e asimilación dunha ampla gama de recursos creativos a través do traballo en distintos contextos artísticos con formacións vocais e instrumentais diversas.

COÑECEMENTOS PREVIOS: Os propios do remate dos estudos de grao profesional.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: T1, T2, T15

COMPETENCIAS XERAIS: X5, X10, X15, X17, X20, X23

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: EC1, EC2, EC3, EC4, EC5, EC6, EC11

Ver a lista de descritores e competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, anexo III

3. OBXECTIVOS

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer as características e posibilidades técnicas, sonoras e expresivas dos diferentes instrumentos, tanto a nivel individual como no seu emprego nas diversas agrupacións tradicionais e non tradicionais.	T1, T2 X15, X17, X20 EC1, EC2, EC3, EC5, EC6
Aplicar os coñecementos teóricos na práctica, a través da realización de exercicios específicos de orquestración, instrumentación e transcripción, así como a través da disciplina de composición.	T1, T15 X5, X10, X15, X17, X20, X23 EC1, EC2, EC4, EC5, EC6, EC11
Coñecer e ser quen de aplicar nos diferentes exercicios prácticos as particularidades do uso instrumental nas diferentes épocas e estilos.	T1, T2, T15 X15, X17, X20, X23 EC1, EC2, EC3, EC5, EC6
Incorporar á propia actividade creativa os coñecementos específicos sobre os diferentes instrumentos.	T1, T2, T15 X5, X10, X17, X20, X23 EC3, EC4, EC6, EC11



4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Instrumentación	1.1 Clasificación dos instrumentos musicais: Estudo das características, usos, orixe, evolución, extensión, rexistros, posibilidades técnicas, tímbricas e expresivas, tanto de uso tradicional como contemporáneo, das seguintes familias: corda frotada, corda pulsada, vento-madeira, vento-metal, percusión, teclado, voz humana.	6
	1.2 Introducción ás particularidades da escritura solista, camerística e orquestral: recursos técnicos, planos, doblaxes, evolución histórica, etc.	
2. Orquestración e transcripción	2.1 A orquestración da melodía, o unísono orquestral, o acompañamento, a orquestración de acordes e a homofonía, o contrapunto, melodías principais e secundarias, texturas complexas.	8
	2.2 Introducción á problemática específica da transcripción para orquestra	
3. Repaso de contidos		2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clase maxistral Exposición do tema que se vai traballar con explicación de conceptos teóricos e mostra de exemplos prácticos.	4	0	4
Práctica individual Realización por parte do alumnado de exercicios prácticos cun nivel de dificultade progresivo: Instrumentacións, orquestracións, transcripcións e análise de orquestracións.	0	40	40
Estudio individual Estudio dirixido de conceptos técnicos a partir dos recursos bibliográficos indicados, exemplos e audicións.	0	24	24
Corrección individual Corrección persoalizada da práctica individual.	9	0	9
Actividades monográficas Asistencia a xornadas teórico-prácticas específicas con instrumentistas.	0	6	6
Asistencia a ensaios Asistencia a ensaios de diversas agrupacións e preparación previa: estudo do repertorio dos mesmos dende o punto de vista da instrumentación e orquestración	0	4	4
Práctica auditiva Realización de orquestracións a partir de audición orquestral e esquema pianístico	1	0	1
Actividades de avaliación: Probas de aula	2	0	2
TOTAL HORAS:			90



6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Práctica semanal • Avaliación continua da práctica e estudo individuais (presencial e non presencial) e da participación nas diferentes actividades monográficas, asistencia a ensaios, etc. • Avaliación dos traballos entregados nas datas indicadas. <i>Obrigatorio para poder optar á avaliación continua.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade dos traballos entregados: correcta aplicación dos conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade. • Puntualidade na entrega dos traballos nas datas indicadas. • Cantidade de traballo entregado respecto á planificación docente. • Evolución ao longo do cuadrimestre. • Participación constructiva e preparación das actividades colectivas. • Presentación dos traballos individuais. 	Todas	70 %
Probas de aula Avaliación de coñecementos teóricos, así como de realizacións prácticas durante o tempo de clase semanal.	Calidade (coñecemento e correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade), correspondencia cos traballos realizados na casa e presentación do traballo realizado.	Todas	30 %
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA)			
Igual que a convocatoria ordinaria (e alternativa, se fora o caso)			
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA, <i>se o alumno SUPERA CATRO FALTAS DE ASISTENCIA</i> , OU AVALIACIÓN CONTINUA CUALIFICADA CON SUSPENSO)			
Igual que a convocatoria extraordinaria			
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Entrega dos traballos do cuadrimestre Avaliación de todo o traballo práctico realizado ao longo do cuadrimestre, que se entregará na data do exame final.	Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade), correspondencia coa calidade do exame presencial e presentación do traballo realizado.	Todas	40 %
Exame final Realización dunha proba práctica de orquestración/transcripción nun tempo acorde á dificultade do/s exercicio/s proposto/s.	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade) e presentación da realización. 	Todas	60 %
MATRÍCULA DE HONOR			
Para obter Matrícula de Honor será preciso obter un 10. En caso de haber dous ou máis alumnos nesta circunstancia será de aplicación a normativa vixente pola que só un de cada 20 alumnos dun mesmo curso pode recibir esta distinción. A decisión neste caso corresponderá ao profesor, que valorará o traballo de todo o cuadrimestre para escoller o mellor candidato. En caso de ser alumnos de diferentes profesores, a decisión corresponderá a un tribunal formado polos catedráticos de composición, que decidirán as características da proba a superar.			



7. BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía

- ADLER, S.: *El estudio de la orquestación*. Idea Books. 2006
BARKER, P.: *Composición vocal*. Fondo de cultura económica. 2012
CARSE, A.: *The history of orchestration*. Dover Publications Inc. 1964
CASELLA, A. & MORTARI, V.: *La técnica de la orquesta contemporánea*. Ricordi. 1950
CHARLÉS, A.: *Instrumentación y orquestación clásica y contemporánea (4 vol.)*. Impromptu Editores. 2008-2019
DAVE, B & GEROU, T.: *Essential Dictionary of Orchestration*. Alfred Publishing. 1999
ERPF, H.: *Tratado de instrumentación y del arte de la instrumentación*. Dos Acordes. 2010
JOST, P.: *Instrumentación. Historia y transformación del sonido orquestal*. Idea Books. 2005
KOECHLIN, C.: *Traité de l'Orchestration (4 vol.)*. Max Eschig Editions. 2013
LEIBOWITZ, R. & MAGUIRE, J.: *Il pensiero orchestrale*. Edizione Musicali Salvati. 1960
MILLER, R.J.: *Contemporary Orchestration*. Routledge. 2015
PISTON, W.: *Orquestación*. Real Musical. 1992
RIMSKY-KORSAKOV, N.: *Principios de orquestación (2 vol)*. Ricordi. 1946
SCHERCHEN, H. *El arte de dirigir la orquesta*. Labor. 1992
STONE, K.: *Music notation in the twentieth century*. WW Norton & Co. 1980

ANEXOS

Neste apartado recóllense as adaptacións precisas para o cumprimento das *Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021*.

Nesta disciplina, por ser de ratio 1/1, non é de aplicación que a programación recolla as aprendizaxes non adquiridas no curso anterior. A avaliación inicial desenvolverase, como é habitual, de forma personalizada para cada estudante e dos seus resultados dependerán as adaptacións específicas, se é o caso, da programación xeral.

A entrega de traballos será preferentemente de forma telemática, en todo caso seguindo as indicacións específicas de cada docente, para minimizar o intercambio de papel no ensino presencial.

Os medios telemáticos e os materiais dixitais a empregar (en calquera modalidade de ensino) serán concretados por cada docente, quen os escollerá en función da idoneidade educativa e atendendo á dispoñibilidade real dos mesmos para o alumnado. Preferentemente empregaranse a aula virtual, a plataforma webex, correo electrónico, whatsapp, skype ou similares.

ANEXO I: ENSINO SEMI-PRESENCIAL

Será de aplicación no caso de que algún estudante ou o docente non poidan asistir ao centro por atoparse en corentena e deban desenvolver puntualmente a súa actividade lectiva/docente telemáticamente.

Nesta situación as competencias, obxectivos, e contidos da disciplina non sufrirán variacións.

A planificación docente durante a corentena variará nos seguintes aspectos:

- As clases maxistras desenvolveráanse telemáticamente ou serán substituídas por materiais dixitais.
- A corrección individual desenvolveráse telemáticamente, ben por escrito ou por videoconferencia.
- As actividades monográficas, a asistencia a ensaios e a práctica auditiva serán adiadas, se é posible, ou substituídas por actividades telemáticas.
- As actividades de avaliación variarán no sentido recollido de seguido.



A avaliación non sufrirá variacións agás que a corentena coincida coa data de exame e/ou de realización de probas de aula. Nese caso desenvolveríase telemáticamente a proba ou/e substituíríase (en todo ou en parte) por unha actividade que se entregaría por medios telemáticos.

ANEXO II: ENSINO NON PRESENCIAL

Será de aplicación no caso de que as autoridades educativas e/ou sanitarias decreten un novo estado de confinamento ou suspensión da actividade lectiva presencial con carácter xeral.

Nesta situación as competencias, obxectivos, e contidos da disciplina non sufrirán variacións.

Durante o período de confinamento/suspensión da actividade lectiva presencial sería de aplicación o recollido no anexo I para os períodos de corentena agás ao respecto das actividades monográficas, a asistencia a ensaios e a práctica auditiva que serán substituídas por actividades telemáticas equivalentes aos afectos de acadar as competencias e obxectivos da disciplina e que poden ser adaptadas ás necesidades educativas individuais de cada estudante.